



“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19”

CEIP Plurilingüe de Atios

CURSO 2021-2022



1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
36018	CEIP PLURILINGÜE ATIOS

Enderezo		C.P.
COVELO S/N		36418
Localidade	Concello	Provincia
O PORRIÑO	O PORRIÑO	PONTEVEDRA
Teléfono	Correo electrónico	
886110483 886110484	CEIP.ATIOS@EDU.XUNTA.GAL	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdeatios/		





Índice

A.- Medidas de prevención básica.....	4
B.- Medidas xerais de protección individual	10
C.- Medidas de limpeza.....	12
D.- Material de protección.....	13
E.- Xestión dos abrochos.....	14
F.- Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	17
G.- Medidas de carácter organizativo.....	18
H.- Medidas en relación coas familias e ANPA.....	21
I.- Medidas para o alumnado transportado	23
J.- Medidas de uso do comedor	23
K.- Medidas específicas para o uso doutros espazos.....	24
L.- Medidas especiais para os recreos	27
M.- Medidas específicas para alumnado de educación infantil	29
N.- Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	31
Ñ.- Medidas específicas para alumnado de NEE.....	31
O.- Previsións específicas para o profesorado.....	32
P.- Medidas de carácter formativo e pedagógico.....	33





A.- Medidas de prevención básica

2. Membros do equipo COVID

Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)		629902509	
Membro 1	ROBERTO DEVESA FERNÁNDEZ	Cargo	DIRECTOR
Suplente	ESTRELLA LÓPEZ LÓPEZ		
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador equipo COVID • Nomear aos demais membros do equipo • Interlocutor coa administración e co centro de saúde de referencia • Comunicación de casos • Xestión das peticións, en caso de vulnerabilidade • Rexistro das ausencias de alumnado e persoal do centro, relacionadas co COVID • Referenciar na aplicación creada pola Xunta dos casos relacionados coa pandemia 		
Membro 2	CAROLINA GONZÁLEZ COSTAS	Cargo	XEFA DE ESTUDOS
Suplente	LUCAS VAQUERO DÍAZ		
m ^o Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Levar ao claustro e/o equipo directivo propostas de mellora sobre, patios, entradas,... <input type="checkbox"/> Encargarse de pasar ao coordinador TIC toda aquela información relacionada coa pandemia que teña que subirse a paxina web <input type="checkbox"/> Encargarse de controlar, entre o profesorado, os resultados da auto enquisa do persoal do centro. 		
Membro 3	M ^a JESUSA RODRÍGUEZ	Cargo	SECRETARIA
Suplente	SILVIA LÓPEZ ULLOA		
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Mercar, distribuír e inventariar o material que se merque para a prevención e hixiene <input type="checkbox"/> Garantir a difusión dos protocolos ao profesorado e as familias <input type="checkbox"/> Difusión, no entorno das familias, da necesidade/obligatoriedade de facer a enquisa inicial as familias e alumnado <input type="checkbox"/> Coordinar a distribución da cartelería polos corredores e polas aulas 		

3.	Centro de saúde de referencia		
Centro	CENTRO DE SAÚDE DE O PORRIÑO	Teléfono	986338869
Contacto	FRANCISCO JAVIER GARCÍA SOIDÁN	Teléfono	986337320

4.	Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
<input type="checkbox"/> Material específico: o Máscaras desbotables e PFP2 para profesorado e alumnado o Xel hidroalcohólico o Termómetro o Panos desbotables o Papeleira con tapa de pedal o Teremos indicacións do distanciamento adecuado por si houbera máis dun caso <input type="checkbox"/> Espazo almacén material 1º planta: Espazo con acceso de escaleira directas ao exterior e con ventilación.	

5.	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
EDUCACIÓN INFANTIL		
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL		19
5º DE EDUCACIÓN INFANTIL		15
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL		24
TOTAL ED. INF.		58
EDUCACIÓN PRIMARIA		
1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		19
2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		25
3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		21
4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		28
5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		22
6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		28
TOTAL ED. PRIM.		143
TOTAL COLEXIO		201



6. Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)			
		A TEMPO TOTAL	A TEMPO PARCIAL
PERSOAL NON DOCENTE		1	
PERSOAL LIMPEZA		1	
PROFESORADO	INFANTIL	4	
	PRIMARIA	11	1 RELIXIÓN 1 PT 1 A.L. 1 ORIENTACIÓN 1 AUXILIAR CONVERSA

7.1. Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	4º	Grupo	A
Aula	9	Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		4	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	5º	Grupo	A
Aula	10	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		4	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	6º	Grupo	A
Aula	11	Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado		4	

7.2. Determinación dos grupos estables de E. Primaria (engadir unha táboa por grupo)

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	A
Aula	23	Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	A
Aula	25	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	A
Aula	26	Nº de alumnado asignado	21	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	A
Aula	13	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		6	





Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	B
Aula	15	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	A
Aula	18	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	A
Aula	14	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	B
Aula	17	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		6	

8.1. Medidas específicas para grupos estables de convivencia de E. Infantil (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)

Os grupos estables de convivencia terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Empregarán a máscara de maneira voluntaria (o maior tempo posible) nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- Terán que traer unha máscara de reposto.
- Terán unha bolsa con nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego.
- Distribución de espazos segundo os modelos propostos nos anexos en función do número de alumnos.
- Formar grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos. Nos momentos nos que todo o grupo poida estar xunto - recreos, traslados- o alumnado deberá portar máscara.
- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de Psicomotricidade ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso o emprego da máscara.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcolico do rotulador que empregue, de non ser o seu individual.
- Todo o profesorado especialista que entre na aula facer unha correcta desinfección de mans.
- Sairán ó recreo en dúas tandas diferentes A e B, utilizando cada clase o seu espazo.



8.2. Medidas específicas para grupos de E. Primaria estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)

Os grupos Ed. Primaria terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Deste xeito empregarán a máscara nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas e dentro da propia aula.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- O alumnado accederá con máscara a aula e non poderá quitala.
- Terán unha bolsa con nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego.
- Terán que traer unha máscara de reposto
- Distribución de espazos segundo os modelos propostos nos anexos en función do número de alumnos.
- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).
- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Carteis relativos a hixiene e prevención con respecto ao COVID nas aulas e nos corredoiros.
- Todos os días, nos primeiros 15 minutos, traballaremos hábitos de saúde e normas de hixiene relacionados co COVID e, antes de saír procederemos a hixienizar o material e o sitio. No caso de cursos inferiores serán axudados pola mestra.
- Colocación dos pupitres de tal forma que se respecte a distancia establecida na normativa e, incluso pode ser maior xa que as aulas son espazosas.
- Cando haxa un cambio de mestre/a, 5 minutos antes, procederase a recoller e hixienizar o material empregado e preparar o seguinte. O profesorado procederá a facer o mesmo co seu, tanto o que sae da aula como o que entra na mesma o cal terá que traer máscara.
- En caso de empregar a pizarra para corrixir exercicios, procederase a hixienizar o material empregado sempre que se utilice material común.
- Nos primeiros 5 minutos de clase levárase a cabo unha explicación do que se vai a facer e o material a empregar para que o alumnado poña todo enriba da mesa e evitar así moverse e/ou teña que andar de novo na súa mochila.
- Baixan ao recreo, pola camiño indicado e van a súa zoa específica levando a máscara posta.
- Deixar a ventá aberta sempre e cando o tempo o permita.
- 15 minutos antes da saída procedemos a recoller o material e hixienizar a nosa zona de traballo, no orde establecido coller o noso abrigo e mochila e proceder a formar a fila como esta establecido.
- Cando teñan que acudir a aula de Educación Física, o mestre especialista, será este o que veña a buscalos a aula. Mentres tanto, estes espazos deben quedar ventilando e o material hixienizado da hora anterior. Co mestre correspondente dirixirase a aula de Educación Física respectando a distancia e seguindo o percorrido que está establecido. O mesmo cando se despracen para calquera outra aula.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase co rotulador de uso individual.
- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá facer unha correcta desinfección de mans.
- Seguindo o protocolo establecido pola Consellería poderanse xuntar aulas do mesmo nivel dependendo da situación epidemiolóxica.



9. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

- Profesorado:
 - Teléfono (centro ou coordinador covid)
 - Conta de correo ceip.atios@edu.xunta.gal
- Alumnado
 - Teléfono do centro: 886110483
 - Correo do centro: ceip.atios@edu.xunta.gal

10. Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

- Rexistro de faltas habituais por follas de rexistro de cada titor/a e en Xade
- Rexistro de faltas por sintomatoloxía COVID-19
 - Elaborarase un modelo de rexistro de faltas por este motivo diferenciando para persoal docente, non docente e alumnado
 - Estas faltas tamén se anotarán na aplicación Xade
 - Emprego da canle informática para comunicación destes casos que vai habilitar a Consellería
- As ausencias producidas por efectos da pandemia considéranse xustificadas a efectos do protocolo de prevención do control do absentismo escolar e do número de faltas permitidas; non sendo preciso xustificante

11. Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)

- Aviso ao coordinador COVID
- A continuación e por orde:
 - Comunicación coa familia
 - Porse en contacto coa Central de Seguimento de Contactos (CSC)
 - Seguir as indicacións do CSC e abrir o expediente en EDUCOVID



B. Medidas xerais de protección individual

12. Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducible nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

A colocación dos pupitres estableceuse en filas mirando cara a mesa do mestre/a ca máxima separación posible.

13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

Non hai problemas de espazos para a colocación das cadeiras dos alumnos.

14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

- Contarán coa dotación de material hixiénico igual cas demais aulas e a maiores:
 - Pantallas protectoras
 - Dispoñemos de pantallas protectoras para a aula de A.L.
- Sempre que sexa posible o mestre de PT e AL entrará na aula, en caso de ter que empregar as aulas específicas seguiremos estas pautas
 - Ventilación da aula mentres se vai a levar/recoller ao alumnado a súa aula de referencia o Hixienización de mans ao entrar e saír
 - Limpeza/desinfección do material empregado e mesa e cadeira tanto de mestre/a como de alumno/a
 - Explicar, previamente, as pautas do traballo a realizar e o material a empregar
 - Levar o seu estoxo e unha vez dentro da aula non pode saír a buscar nada
 - Priorizárase o emprego de materiais individuais na aula, pero no caso de ter que traballar con material de aula, disporase de material suficiente para poder facelo de forma individual
 - No caso de que haxa que traballar en grupo e compartir material, o mestre/a debe priorizar que o alumnado extreme as medidas de hixiene e evite tocarse a boca, nariz e ollos.

15. Tutorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar tutorías coas familias)

As reunións de tutoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizárase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a tutoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

- Non presencial
 - Virtuais a través da aplicación da consellería de educación cisco webex.
 - Telefónicas
- Presencial. So nos casos que non se poda levar a cabo a anterior e coas seguintes pautas:
 - Concertar cita e acudir un só membro da familia
 - Respectar e cumprir as normas hixiénicas e de prevención establecidas no centro
 - As reunións leváranse a cabo na aula do alumno/a e deberá sentarse no sitio establecido, para gardar as distancias, e acudir con máscara
 - En caso de querer revisar algún traballo, control, proba,... deberá indicalo antes para facer copia e non manipular o mesmo papel
 - Tanto nun caso como noutro a cita será por petición do titor/a ou da familia polos medios establecidos no centro: abalar móbil, agenda, teléfono,...



16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

- Mensaxería para o que empregaremos o abalar móbil e ToApp
- Para as familias que non poidan descargar as aplicacións antes referenciada empregaremos o teléfono de xeito extraordinario.
- A páxina web seguirá a ser o referente para dar a coñecer ás familias todas as novidades relacionadas co centro.
- Fomentaremos que as notas informativas se achegen de forma dixital, creando entradas na páxina web e/ou enviando enlaces dos ficheiros as familias por abalar móbil.

17. Uso da máscara no centro

- A máscara empregárase por todos durante todo o tempo que permanezan no recinto escolar, agás o alumnado Ed. Infantil, que o fará de maneira obrigatoria nas entradas, saídas e desprazamentos mantendo o seu uso todo o tempo que sexa posible.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

Publicarase na páxina web do colexio.



C.

Medidas de limpeza

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)

LIMPADOR/A DE MAÑÁ

- Limpeza/desinfección dos baños dúas veces ao longo da xornada.
- Limpeza dos despachos
- Limpeza de pasamáns
- Limpeza e desinfección da aula COVID despois de utilizala..

LIMPADOR/AS DE TARDE

- Limpeza e desinfección dos despachos
- Limpeza e desinfección das aulas
- Limpeza e desinfección dos corredores
- Limpeza e desinfección da sala de mestres

20. Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)

Un membro do persoal de limpeza permanecerá no centro durante hora e media cada mañá.

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

- Todo o persoal de limpeza empregará máscara, e luvas cando utilice líquidos de limpeza.
- Cada unha terá o seu propio carro cos utensilios básico.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza coa hora na que se realizou a limpeza e a persoa que o fixo.

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

O profesorado encargarse de abrir as ventás nos cambios de clase durante un mínimo de 5 minutos. Ao longo do día debe cubrir na folia de control a hora e quen fixo a ventilación e o período de tempo que se levou a cabo. Cando non chova estarán as ventás aberta o maior tempo posible.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

Todas as aulas do centro disporán dunha papeleira con bolsa de plástico e unha de tapa con pedal. Haberá papeleiras con tapa e pedal nos corredores, nos baños, no ximnasio e na aula COVID.





D. Material de protección

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

A secretaria do centro será a encargada de levar un rexistro do material relacionado co Covid, tanto do que xa se mercou no centro, do que nos vai a dotar a Consellería e do que se vai a mercar nun futuro.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección

- Para mercar o material contactouse con varias empresas facendo a adquisición naquela que ofrece o mellor prezo, levando a situacións de ter que comprar material en distintas empresas xa que a oferta, en certos produtos, era mellor.
- Fíxose unha adquisición de material imprescindible a espera da dotación da Consellería e logo completárase ao longo do curso adquirindo o necesario.
- As máscaras para profesorado e alumnado deberán ser aportadas por cada un, pero faremos adquisición de repostos para ter nos distintos andares por si alguén a necesita.
- A secretaria do centro encargárase de xestionar coas empresas cando sexa necesario repoñer material para as aulas buscando a mellor oferta nese momento

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

- Ao principio de curso dotárase a cada aula do centro co seguinte material:
Dispensador de xel hidroalcohólico, bote desinfectante, papeleira de papel, papeleira de tapa con pedal.
- Compartiremos un documento con todo o profesorado do centro no que cada un indicará o que necesita repoñer.
- As persoas encargados da limpeza e/ou o conserxes serán os que fagan a reposición nas aulas que se lle indique
- A secretaria do centro encargárase de xestionar coas empresas cando sexa necesario repoñer material para as aulas buscando a mellor oferta nese momento

E. Xestión dos abrochos

28. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo Covid. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.



Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-Cov-2 no ámbito educativo no universitario de Galicia e absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitos. O alumnado ou persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos, excepto que a CSC lles indique o contrario. Tendo en conta isto, as persoas conviventes do caso positivo que estean vacinadas coa pauta completa ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán absterse de asistir ao centro educativo e esperar as indicacións da CSC en corentena.

Dende a Consellería de Educación está habilitada unha canle informática, denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recopilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo.
- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 segúranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

29. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)

O encargado de comunicar as incidencias a autoridade sanitaria ou a Central de Seguimento de Contactos (CSC) será o coordinador do equipo COVID, O Director do centro. Na súa ausencia, realizará esta labor a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.





F. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade

30. Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

- Todo o referente a este aspecto reflíctese no apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, os traballadores que se atopen dentro dos grupos vulnerables que se citan debe levar acabo os seguintes pasos.
- ✓ Cubrir o anexo IV xunto coa documentación que crea convinte e dirixilo a dirección do centro ben de forma presencial e/ou por correo electrónico (ceip.atios@edu.xunta.gal), a cal se lle dará rexistro de entrada.
 - ✓ Cada día que existan solicitudes, a dirección do centro, remitirá a solicitude xuntos cos informes emitidos á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación da provincia.
 - ✓ En función da resolución emitida tomáranse as medidas oportunas.
 - ✓ Anexo III: Procedemento de actuación para a xestión da vulnerabilidade en ámbitos non sanitarios nin socio-sanitarios.



G. Medidas de carácter organizativo

31. Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

- Como norma xeral, as familias non poderán acceder ó recinto escolar.
- Obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.
- O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos, tanto polas familias como por parte do profesorado.

Horarios de entrada e saída (O alumnado transportado accederá directamente as aulas cando chegue o autobús, evitando aglomeracións dos alumn@s, unha vez esten dentro do centro e cada un na súa aula acompañados polo profesor/a que lle corresponda accederán @s alumn@s que non veñen transportados no seguinte horario).

✓ **Educación Infantil:**

- 6º de E. I. (5 anos)
 - Entrada 09:10h.
 - Saída 14:10h.
- 4º de Educación Infantil (3 anos)
 - Entrada 09:15h.
 - Saída 14:00h.
- 5º de Educación Infantil (4 anos)
 - Entrada 09:15h.
 - Saída 14:00h.

✓ **Educación Primaria:**

- 1º de Educación Primaria
 - Entrada 09:10h.
 - Saída 14:00h.
- 2º de Educación Primaria
 - Entrada 09:10h.
 - Saída 14:00h.
- 3º de Educación Primaria
 - Entrada 09:10h.
 - Saída 14:00h.
- 4º de Educación Primaria
 - Entrada 09:15h.
 - Saída 14:00h.
- 5º de Educación Primaria
 - Entrada 09:15h.
 - Saída 14:10h.
- 6º de Educación Primaria
 - Entrada 09:15h.
 - Saída 14:10h.



32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

- Diferenciamos tres portas de acceso ao colexio.
- O alumnado utilizará a mesma porta para as entradas e para as saídas.
- Na entrada o profesorado recollerá ó alumnado na porta correspondente, accedendo directamente as aulas mantendo a distancia de seguridade. Para a continuación dirixirse á aula polo traxecto predeterminado.
- Nos corredores e nas escaleiras circularase sempre pola dereita e gardando a distancia de seguridade.
- Nas escaleiras non se poderán cruzar dúas clases, están organizadas todas as saídas para que non pase nunca xa que dispoñemos de catro escaleiras de acceso a planta 1 e seis saídas ao exterior.
- Unha vez chegados a aula o alumnado procederá a realizar as normas de hixiene establecidas no protocolo.
- Na saída o profesorado entregará o alumnado na porta correspondente, e as familias e o alumnado non fará grupos, abandonando a beira rúa o máis axiña posible.

PORTA Nº 1: Cancela de acceso ao patio de infantil

4º de Ed. Infantil.
5º de Ed. Infantil
6º de Ed. Infantil

PORTA Nº 2: Entrada principal do colexio.

Profesorado.
Persoal non docente.
Alumnado do plan madrugá.

PORTA Nº 3: Cancela de acceso principal por onde accede o profesorado.

1º de Ed. Primaria.
2º de Ed. Primaria
3º de Ed. Primaria.

PORTA Nº 4: Cancela de acceso lateral por onde accede o alumnado transportado.

4º de Ed. Primaria.
5º de Ed. Primaria.
6º de Ed. Primaria

33. Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

- Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.
- Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.
- A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.
- Ademais da cartelería “oficial” enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia e de diferentes estéticas.
- Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo.
- Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento.



34. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

O Alumnado transportado, unha vez que baixa do autobús, accederá pola porta de acceso lateral co profesor/a que lle corresponda ter clase na 1ª sesión os acompañará directamente a acceder ás aulas. Quedando de garda o resto do profesorado que non ten clase nesa sesión para acompañar aos alumn@s de transporte según vaian chegando.

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

Como norma xeral nas entradas e saídas, serán os profesores que teñan clase nesa sesión os encargados de acompañar ó alumnado.
Recreo. (realizaranse quendas na medida do posible)

H. Medidas en relación coas familias e ANPA

36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)

O Alumnado do Plan Madruga entrarán e sairán pola porta principal acompañados polo pai/nai ata a mesma.
Este alumnado accederá as aulas co alumnado transportado.

37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Luns de 15:30 a 16:30 INGLÉS LÚDICO

Martes de 15:45 a 17:15 COCIÑA

Mércores de 15:30 a 16:30- XADRÉZ E BAILE MODERNO

Xoves de 15:30 a 17:00- PATINAXE

Aquelas outras que poidan xurdir durante o cursos e a situación epidemiolóxica o permita.

38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

- As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial cisco webex da consellería.
- Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente. En principio, no comedor do centro.

- Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:

- Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
- Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, realizarase no comedor do centro, garantindo a distancia e limitando o aforo segundo a normativa vixente.



39. Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias

TUTORÍAS

As reunións de tutoría e as comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a tutoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.

- Non presencial
 - Virtuais a través da plataforma Cisco webex da consellería de educación.
 - Telefónicas
- Presencial. So nos casos que non se poda levar a cabo a anterior e coas seguintes pautas:
 - Concertar cita e acudir un só membro da familia
 - Respetar e cumprir as normas hixiénicas e de prevención establecidas no centro
